



WAKE UP

NUT TEATRO EN COPRODUCCIÓN CO
CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO
temporada 2008-2009

CDG: XXV ANOS

parte de ti

WAKE UP

Un proxecto de Nut Teatro
en coprodución co Centro Dramático Galego

Centro Dramático Galego
Salón Teatro. Rúa Nova, 34
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 581 111
centro.dramatico.galego@xunta.es

www.centrodramatico.org

Comunicación. AGADIC
Rúa da Vesada, s/n. San Lázaro
15703 Santiago de Compostela
Tel. 981 577 126 / 128 (ext. 105 e 116)
prensa.agadic@xunta.es

www.agadic.info

Índice

Presentación.....	4
Ficha artística.....	6
A compañía Nut Teatro.....	7
Funcións.....	8
Plan de coproducións do CDG. Temporada 2008-2009.....	9

Presentación

Con *Wake Up*, a compañía Nut Teatro continúa a liña de traballo iniciada coas súas anteriores propostas escénicas (*Corpos Disidentes*, *4.48 Psicose* e *A Mirada de Pier*), onde apostaba por obras experimentais que combinaban fórmulas especificamente teatrais con outras máis próximas á arte "realizativa" ou de acción.

Centrado en investigar novas relacións co espectador e máis ligado ao proceso de creación que ao resultado, *Wake Up* é un espectáculo interdisciplinar en diálogo íntimo coas novas tecnoloxías que indaga nas novas teatralidades contemporáneas do panorama artístico internacional. O desenvolvemento tecnolóxico empregado está supervisado por Kónic Thtr., unha plataforma artística con base en Barcelona dedicada á creación contemporánea na confluencia de arte, ciencia e novas tecnoloxías.

Tomando como punto de partida o concepto de intimidade, entendido este como a verdade acerca dun mesmo, Nut Teatro presenta unha peza na que o espectador se converte nun voyeur-mirón de algo que pasa máis alá del, e co cal se pode identificar. O espectador observa; é transgresor e cómplice mirando, sen sentirse protagonista. Trátase, en definitiva, de conseguir penetrar na intimidade dos personaxes sen recurrir a confesións nin a datos biográficos pertencentes á privacidade.

Durante o comezo do traballo, a acción desenvólvese nunha estrutura vertical, que recolle a imaxe e o concepto de fachada, coma se dun edificio se tratase. A través dunhas fisuras, a modo de xanelas, a mirada do público penetra no espazo que hai intramuros. Esta fronteira vaíse perforando e desintegrando rompendo por completo a fachada até o punto de deixar á vista un espazo aberto ilimitado. A privacidade faise pública, quedando tan exposta, tan espida sen a "fachada" tras a que agochase, que a intimidade sae á luz, revelándose como a fotografía no papel en branco.

A primeira parte do traballo desenvólvese desde unha perspectiva en vertical. Deste xeito, a fachada transfórmase nunha instalación na que as actrices accionan, convertendo este traballo nun feito performático.

Do mesmo xeito que o concepto de privacidade se desenvolve a través da fachada, o concepto de intimidade amósase a través da idea das "camas quentes". Esta expresión refírese ao leito subarrendado a homes e mulleres que carentes de recursos económicos apenas poden pagar o alugueiro dun catre multiusos por un período determinado. Xurden así algunhas das cuestións propostas no espectáculo: que pasa coa intimidade cando se rompen as estruturas convencionais de relacións? Que pasa cando o espazo de intimidade propio é compartido por varias persoas? Que pasa cando non se pode decidir con quen vivir? Que pasa cando se decide compartir o espazo propio?

A cama, como metáfora de casa, deixa de ser un espazo propio, persoal e intransferible. Convértese nun espazo de poder e dominación, nunha gaiola de ouro que nos atrapa e expulsa. Nesta segunda parte retómase a horizontalidade e utilízanse as novas tecnoloxías como cámaras de vídeo, proxeccións, sensores...

A gaiola de ouro non se ve, porque non é un cárcere físico, é mental. Os muros que a constrúen son os mesmos cos que se constrúen a identidade. Unha casa na que acomodar os nosos desexos e o que cremos que somos, até que esa solidez que cremos construír se descubre como unha estrutura feita de palla. Esta fragilidade só se revela cando a orde aparente se cuestiona.

Na terceira parte do espectáculo xógase coa idea de maxia nesa gaiola de ouro, a entrar e saír con luces e sombras, potenciado ademais co emprego de fotosensores que interaccionan coa luz en escena.

Ficha artística

Dirección e dramaturxia	Carlos Neira
Coprodución	Centro Dramático Galego
Elenco	Nerea Barros Xiana Carracelas Carlos Neira Iria Sobrado Arantza Villar
Axudante de dirección	Iria Sobrado
Produción executiva	César Abella
Textos	Nut Teatro
Espazo escénico	Nut Teatro
Iluminación	Octavio Mas
Linguaxes interactivas e electrónica	Rosa Sánchez e Alain Baumann [Kònic Thtr.]
Son interactivo	Alain Baumann [Kònic Thtr.]
Audiovisuais	A_túa
Asesor de dramaturxia	Guillermo Heras

A compañía Nut Teatro

Creada en maio de 2006, a compañía compostelá Nut Teatro basea a súa proposta escénica na combinación de fórmulas especificamente teatrais con outras máis próximas á danza, á *performance*, ou ao audiovisual. Desde esta perspectiva, buscan facer un espectáculo total, interdisciplinar e en diálogo coas novas tecnoloxías, que indague nas diferentes opcións teatrais que hoxe se desenvolven no panorama artístico internacional, sen esquecer a ollada aos grandes autores e autoras e ás teorías teatrais do século XX.



Desde a súa constitución, teñen no seu haber tres espectáculos estreados. O primeiro deles é *Corpos Disidentes* (2007), unha proposta de creación colectiva en todas e cada unha das súas fases que incorpora elementos de danza, *performance*, instalación e audiovisual, a partir de presupostos teatrais contemporáneos. O segundo espectáculo, *4.48 Psicose* (2007), trátase dunha posta en escena do texto da dramaturga Sarah Kane que se interpretaba por primeira vez en galego. Finalmente, presentan *A Mirada de Pier* (2007) que aborda o tema do desexo nas súas diversas formas.

Funcións

32º FITEI. FESTIVAL INTERNACIONAL DE TETRO DE EXPRESSÃO IBÉRICA. PORTO

- > **Sábado, 6 de xuño ás 21.30 horas. Teatro Carlos Alberto**
- > **Domingo, 7 de xuño ás 16.00 horas. Teatro Carlos Alberto**
- > **Extensión. Martes, 9 de xuño ás 21.30 horas. Fórum Cultural José Manuel Figueiredo (Moita)**

SALÓN TEATRO. SANTIAGO DE COMPOSTELA

- > **Xoves, 18 de xuño ás 20.30 horas**
- > **Venres, 19 de xuño ás 20.30 horas**
- > **Sábado, 20 de xuño ás 20.30 horas**
- > **Domingo, 21 de xuño ás 18.00 horas**

As entradas para asistir á representación de *Wake Up* no Salón Teatro póñense á venda no despacho de billetes desde dúas horas antes do comezo de cada actuación. Tamén poden adquirirse na billeteira electrónica a través do teléfono 902 43 44 43 ou da web www.caixagalicia.es. O prezo das localidades é de 10 euros (cun desconto do 40% para estudantes, xubilados, usuarios do carné xove e desempregados), e de 5 euros o domingo, día do espectador.

Igualmente, este espectáculo inclúese dentro do Bono de Primavera, válido para adquirir catro localidades para asistir a outras tantas funcións (unha coprodución do CDG, máis outros tres espectáculos a escoller) por un prezo total de 20 euros. O bono implica un aforro do 50% sobre o prezo xeral e pódese adquirir unicamente na billeteira do Salón Teatro.

Plan de coproducións do CDG. Temporada 2008-2009

Teatro contemporáneo - Estrea

Eco

IVÁN MARCOS EN COPRODUCCIÓN CO CDG

Dirección, creación e interpretación: Iván Marcos

Lugar: Salón Teatro

Funcións: Venres, 17 de abril ás 21.00 horas (función de estrea)

Sábado, 18 de abril ás 20.30 horas

Domingo, 19 de abril ás 18.00 horas

Teatro infantil

Rúa Aire

O RETRETE DE DORIAN GRAY EN COPRODUCCIÓN CO CDG

Dirección, creación e interpretación: Marcos PTT Carballido e Ezra Moreno

Lugar: Sala Nasa

Funcións: Venres, 24 de abril ás 21.30 horas

Sábado, 25 de abril ás 21.30 horas

Domingo, 26 de abril ás 20.00 horas

Venres, 1 de maio ás 21.30 horas

Sábado, 2 de maio ás 21.30 horas

Domingo, 3 de maio ás 20.00 horas

Teatro - Estrea

Delimvois

TEATRO OFICINA (Centro Cultural Vila Flor, Guimarães) EN COPRODUCCIÓN CO CDG

Autoría: Rubén Ruibal

Dirección: Marcos Barbosa

Elenco: Diana Sá, Emílio Gomes e Ivo Bastos

Lugar: Salón Teatro

Funcións: Sábado, 23 de maio ás 21.00 horas (función de estrea)

Domingo, 24 de maio ás 18.00 horas

Teatro

Wake Up

NUT TEATRO EN COPRODUCCIÓN CO CDG

Dirección: Carlos Neira

Elenco: Nerea Barros, Xiana Carracelas, Carlos Neira, Iria Sobrado e Arantza Villar

Lugar: Salón Teatro

Funcións: Xoves, 18 de xuño ás 20.30 horas

Venres, 19 de xuño ás 20.30 horas

Sábado, 20 de xuño ás 20.30 horas

Domingo, 21 de xuño ás 18.00 horas